


HORMONAL DE PROGESTÁXENO SÓ VÍA SUBDÉRMICA “IMPLANTE”



O implante colócao un/unha profesional cualificado/a.
 Colócase entre o 1º e 5º día da regra.
 Ponse na cara interna do brazo con anestesia local.
 O tempo de uso do implante comercializado é de 3 anos.
 É eficaz desde o momento da colocación.

Normas postinserción:

- Debes levar unha vendaxe compresiva durante 1 día, para evitar a formación de hematomas.
- Debes manter a zona seca durante 7 días.
- Debes acudir ao centro médico aos 7 días da inserción para revisar o punto de inserción.

Podes pedir que che retiren o implante en calquera momento.

QUE FACER SE..?

SITUACIÓNS	RISCO DE FALLO	ACTUACIÓN
Toma de medicamentos: - Herba de San Xoán. - Modafinil.	Sí.	Informa ao persoal sanitario, porque poden diminuír a eficacia anticonceptiva do implante.
Toma de medicamentos: Antibióticos, analxésicos, antiinflamatorios, antidepressivos, etc.	Non.	

HORMONAL DE PROXESTÁXENO SÓ VÍA SUBDÉRMICA “IMPLANTE”

É un método reversible, seguro para a saúde e moi eficaz. A súa eficacia é do 92 ao 99,7%.

Contén unha hormona que é similar á que se produce nos ovarios: a proxesterona.

O seu mecanismo de acción é suprimir a ovulación e espesar o moco cervical.

Hai diferentes preparados e cada un contén un tipo de xestáxeno.

Existen distintas vías de administración: oral (“a minipílula”), subdérmica (o implante), intramuscular (a inxección) e intrauterina (o DIU).

Todos os preparados están financiados pola Seguridade Social.

Adminístrase a hormona de forma continua provocando a maioría das veces un cambio do patrón de sangrado menstrual.

O cambio do patrón de sangrado é unha característica deste método:

- Ausencia de regra
- Regras máis espaciadas
- Sangrados escasos e/ou prolongados
- Sangrados impredecibles

Estes cambios poden producirse cada mes ou sen ritmo establecido e son diferentes dunha muller a outra. Adoitan ser máis frecuentes nos primeiros meses e tenden a estabilizarse. Non hai risco para a saúde, unicamente poden resultar incómodos.

A anticoncepción hormonal de proxestáxeno só pode provocar efectos secundarios que son comúns a todas as vías de administración. Adoitan ser leves e ocorren durante os tres primeiros meses, o habitual é que desaparezan espontaneamente nese tempo.

Os efectos secundarios máis frecuentes son:

- Dor de cabeza: tes que consultar se non cede pasados os tres primeiros meses, se aumenta de frecuencia e/ou intensidade e/ou se acompaña de náuseas, vómitos, perda de visión.
- Dor nas mamas: habitualmente mellora co paso do tempo. Se persiste ou che resulta incómodo podes consultar.
- Alteración do carácter: ás veces débese non tanto ao método como a outros factores, estrés, carga de traballo, etc. Se persiste debes consultar.
- Acne: soe ser leve, se aumenta de intensidade debes consultar.
- Efectos secundarios propios de cada vía:
 - Náuseas e/ou vómitos: ocorren coa administración oral. Poden mellorar se tomas a pílula antes de ir durmir ou coas comidas.
 - Aumento de peso: ocorre co inxectable trimestral. Coida a túa dieta e fai exercicio.

Lembra, este método non protexe das Infeccións de Transmisión Sexual. Debes usar preservativo se cres que nas túas relacións pode existir risco de contaxio.

Se non o utilizaches correctamente solicita anticoncepción de urxencia en calquera centro de saúde, puntos de atención continuada e centros de orientación familiar.